



Delegación de Catequese

Delegado: D. Juan Andión Marán

catequese@diocesetuivigo.org

Obxectivo xeral

Fortalecer a educación da fe na familia e na comunidade cristiá, reforzando de maneira especial a comprensión e vivencia da Eucaristía e o compromiso cristián que se manifesta na caridade.

Obxectivo específico 1

Promover encontros que axuden aos catequistas a realizar a súa misión e favorezan unha maior responsabilidade catequética na familia e na comunidade cristiá.

Liñas de acción

- 1.1.- Colaborar á celebración do **“Día da Catequese”** ou **“Día do Envío”** nas parroquias, no comezo do curso, ofrecendo materiais concretos -cartel, esquema de celebración, orientacións- para que familias, catequistas e comunidade tomen conciencia das súas responsabilidades na educación da fe.
- 1.2.- **Encontro diocesano de catequistas** e membros das comunidades cristiás, o día **1 de outubro de 2016**, para
 - compartir e iniciar xuntos o curso catequético; celebrar o *“Envío”*;
 - apuntar camiños por unha maior implicación da familia na educación da fe;
 - informar de materiais para os distintos niveis, e presentar proxectos da delegación.
- 1.3.- **Asemblea de catequistas** da Diocese, o sábado día **20 de maio de 2017**, como final do curso pastoral, para convivir, celebrar, compartir e agradecer a experiencia da nosa misión.

Obxectivo específico 2

Promover unha maior comprensión e vivencia da Eucaristía.

Liñas de acción

- 2.1.- Seguir proporcionando **axudas para a celebración do domingo**, especialmente para as misas familiares con nenos, a través do servizo informático das Delegacións de Catequese de Galicia.
- 2.2.- Ofrecer, no mesmo medio, **materiais de reflexión e formación litúrxica** para catequistas.
- 2.3.- Animar, a través da rede diocesana de catequistas, a participar no **Curso de Formación Litúrxica** organizado na Diocese (ver programación concreta na Delegación de Liturxia, páxina 83)

Obxectivo específico 3

Ofrecer distintos materiais que axuden aos sacerdotes, familias, comunidades, e especialmente aos catequistas, na realización do seu labor catequético.

Liñas de acción

- 3.1.- Distribución do **cartel** co lema proposto polo equipo de catequese de Galicia “*A familia, fogar da catequese*”, e o **folleto** “*Presentación do Curso 2016-2017*”.
- 3.2.- Ofrecer, a través das parroquias, unha “**Carta ás Familias**” para animalas á súa indispensable implicación na educación da fe dos seus fillos.
- 3.3.- Ofrecer **tres temas sobre a familia** e o seu papel de educación na fe, partindo de “*Amoris Laetitia*” (A alegría do amor) do papa Francisco. Pretenden axudar á reflexión persoal e á creación de encontros de grupos familiares.
- 3.4.- Dar a coñecer e promocionar o uso dos **catecismos oficiais** da Conferencia Episcopal Española e os **materiais complementarios** para unha adecuada acción catequética.
- 3.5.- Presentación especial de *El Camino que conduce al Padre*, **segundo libro do material complementario**, elaborado polas delegacións de catequese de Galicia, para a súa utilización co catecismo da Iniciación Cristiá *Testigos del Señor*, destinado á catequese entre 10 e 14 anos. É continuación de *La Verdad que nos hace libres* presentado no curso pasado.
- 3.6.- **Seguir coa elaboración de outros materiais complementarios** do catecismo *Testigos del Señor*. Responsable: o Equipo de Catequese de Galicia.
- 3.7.- Continuar a colaboración con Cáritas diocesana para ofrecer **materiais de sensibilización e formación sobre economías solidarias**, en sintonía co Plan Diocesano de Pastoral.
- 3.8.- Realizar, en coordinación con Cáritas diocesana, un **concurso de tarxetas de nadal**, que motive unha sensibilización e compromiso no eido da acción caritativo-social.

Obxectivo específico 4

Coidar a vivencia cristiá e formación dos axentes pastorais da catequese.

Liñas de acción

- 4.1.- Contribuír á **formación, vivencia cristiá e fortalecemento da espiritualidade** dos axentes pastorais da acción catequética: sacerdotes, familias e sobre todo catequistas.
- 4.2.- Informar e invitar aos catequistas a participar **no retiro e nos exercicios espirituais** para laicos, organizados pola Delegación de Apostolado Segrar: 12-11-2016 e 30 abril a 02 de maio de 2017 (ver páxina 64).
- 4.3.- Informar e invitar aos catequistas de **Confirmación** a participar cos seus grupos de adolescentes-xóvenes no **encuentro diocesano** organizado pola Delegación de Pastoral Xuvenil o día 18-02-2017 nos Maristas de Tui.
- 4.4.- Promover a **formación integral e específica dos catequistas**, a través de escolas de catequistas en arciprestados, zonas e parroquias.
- 4.5.- Ofrecer a todos os catequistas, **en colaboración con Ágora, un curso de Pedagogía Catequética**, os luns de 20 a 21 horas, con ritmo quincenal (ver programación detallada na páxina 73).

Obxectivo específico 5

Mellorar a organización para favorecer o servizo á misión catequética.

Liñas de acción

- 5.1.- **Ampliar o equipo da Delegación** para fortalecer a corresponsabilidade e mellorar a comunicación e o servizo diocesano.
- 5.2.- Colaborar, en unión coas restantes delegacións de Galicia, no **fortalecemento do servizo informático** que axude á comunicación en rede dos catequistas e facilite elementos formativos e materiais catequéticos e celebrativos:
 - a **páxina web**: www.catequesisdegalicia.com
 - o **espazo virtual**: <http://recursos.catequesisdegalicia.com>
 - a **comunicación en rede** dos catequistas asociados.
- 5.3.- **Servizo gratuíto de materiais audiovisuais** para parroquias, grupos e colexios: vídeos e montaxes audiovisuais de tipo bíblico, catequético e educativo.
- 5.4.- **Servizo de edición**, sinxela pero de calidade, de folletos, boletíns e outros materiais impresos para delegacións, parroquias e grupos.